


Unha vintena de investigadores participarán na edición de *Pint of Science* de Vigo e Ourense

mércores, 8 de maio do 2024 / S. P.

O Festival Internacional de Divulgación Científica *Pint of Science* regresa a Ourense e Vigo, así como tamén a 67 cidades do ámbito estatal e 500 do mundo. Será a novena vez que esta iniciativa se celebre en España, propoñendo bares, pubs e cafeterías como punto de encontro para o debate e a divulgación de científicas/os e tecnólogos/os. A cita será os días 13, 14 e 15 de maio. Nas cidades de Vigo e Ourense participarán un total de 19 investigadores e investigadoras dos campus das dúas cidades, xunco con outros expertos doutras universidades e entidades.



En Vigo haberá un total de doce charlas sobre seis temáticas diferentes, 11 das cales estarán a cargo de investigadores e investigadores pertencentes a grupos e centros de investigación da Universidade de Vigo como atlantTic (Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación), CIM (Centro de Investigación Mariña), CINBIO (Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina), Cintec (Centro de Investigación en Tecnoloxías, Procesos Industriais), Ecobas (Economics and Business Administration for Society), e o VQCC (Vigo Quantum Communication Center). Tamén haberá unha charla dunha investigadora pertencente ao IIM-CSIC (Instituto de Investigacións Mariñas).

Dentro das diversas temáticas, nas charlas trataranse temas de actualidade como o impacto da Intelixencia Artificial na sociedade, a importancia do enfoque circular e sustentábel nas actividades que afectan á contorna ou a necesidade de cuestionarse a veracidade nas imaxes e vídeos que se comparten nas redes sociais.

As charlas son de acceso libre e gratuíto, ata completar aforo, e serán os días 13, 14 e 15 de maio a partir das 20.00 horas no bar Cañaverl, situado na Portal do Sol, 6, e no bar El Castro, na rúa Paseo de Alfonso XII, 2. Ademais de charlas, a programación de Pint of Science Vigo incluírá concursos como o Trivial científico e sorteos con regalos para o público asistente. Toda a información sobre as charlas e as actividades está dispoñíbel [na páxina web do evento](#).

En Ourense están programadas sete charlas ao longo de tres días (13, 14 e 15 de maio), nas cales sete investigadores que desenvolven o seu traballo e/ou están vencellados á provincia de Ourense, tocarán unha ampla diversidade de temáticas. Estas abrangerán dende os trastornos alimentarios até a pegada do *Homo Erectus* organizadas en catro temáticas: *Mente maravillosa*, *A nosa sociedade*, *Tech me out! (tecnoloxía)* e *Planeta Terra*.

Entre os grupos, institucións e centros de investigación aos que pertencen os e as poñentes, destaca a UVigo a través do GEAAT (Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio), así como a UNIR (Universidade de Logroño) e a Universidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, o evento contará coa colaboración do Campus Auga e a Facultade de Historia de Ourense.

As charlas serán de acceso libre e gratuíto ata completar aforo os días 13, 14, e 15 a partir das 19.00 h no bar Torgal (rúa Celso Emilio Ferreiro, 20) e no café-centro cultural El Cercano (rúa Cardenal Quevedo, 20). A programación recolle as charlas coma base para promover o intercambio e difusión

dinahos
hospeda este esp

BFAero
BUSINESS FACTORY AEROSPAZ
¡El impulso de
proyecto ae
aeroespacial
está a

QUINTA DE GALICIA

Dallo
forma
túa no
web i
galeg

SUBSCR
AO GALB

LEVA UN HOSTING E UN D

56 do 17 ao 31 de maio
mediosengalego.gal



BALIDEA


Revista en PDF:



Descárgaa xa

· Metaversos. Enfoqu
GaiásTech
· O Diario Oficial de C
hoxe a ampliación de
solicitar os bonos di
dembro
· A Xunta destaca a in
concienciación dixita
territorio conectado

cultural e científica na sociedade. Neste contexto, ademais dos relatorios haberá sorteos con regalos para o público. A información do evento [pódese atopar na web de Pint of Science](#).



0 comments

Ordenar por:

Engadir un comentario...

Plugin dos comentarios do Facebook

PUBLICIDADE



Eventos tecnolóxicos:

- viernes, 10 de mayo
Aniversario Inauguración
- viernes, 17 de mayo
Día das Letras Galegas
Día de Internet
Día Mundial das Telecomunicacións

